

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 07-09 Páx. 1 de 3	CICLOHEXANO

RISCOS

- **Incendio:** Facilmente inflamable
- **Explosión:** as mesturas vapor/aire son explosivas
- **Tóxico por inhalación:** pode provocar vertixes, dor de cabeza, náuseas, somnolencia, tose e dificultade respiratoria. En casos extremos pode producir inconsciencia e posibilidade de morte.
- **Nocivo por inxestión:** afecta ao sistema nervioso central. Pode producir dor de cabeza, náuseas, vómitos e diarea.
- **En contacto coa pel:** pode producir arrubiamiento, próido, dor. Tamén pode producir dermatite.
- **En contacto cos ollos:** pode producir arrubiamiento e dor.
- **Mutáxeno:** está en fase de estudo.
- **Moi tóxico para os organismos acuáticos,** pode provocar a longo prazo efectos negativos no medio ambiente acuático.

MEDIDAS PREVENTIVAS

PREVENCIÓN

- **Incendios:** evitar as lapas, non producir chispas. Evitar a calor.
- **Explosións:** utilizar sistemas pechados, ventilación, equipos eléctricos e de alumeado a proba de explosións. Non usar aire comprimido para encher, librar ou manipular. Utilizar ferramentas manuais que non xeren chispas. Evitar a xeración de cargas electrostáticas (mediante a conexión a terra).
- **Por inhalación:** traballar en lugares con boa ventilación, utilizar cabinas ou campás de laboratorio de extracción forzada ou usar protección respiratoria.
- **En contacto coa pel:** utilizar luvas protectoras de nitrilo, viton e/ou PVA. Non está recomendado: a goma natural, butilo, neopreno e PVC.
- **En contacto cos ollos:** gafas de seguridade ou pantalla facial resistentes a salpicaduras e proxección de substancias químicas.
- **Por inxestión:** non comer, beber durante o traballo. Non pipetear coa boca.

NOTA: usar calzado pechado, non absorbente con resistencia química e de planta baixa. Tamén se debe usar roupa de traballo resistente aos produtos químicos.

ALMACENAMENTO

- Almacenar no lugar destinado a produtos inflamables.
- En lugares fríos, secos e con boa ventilación.
- Dispoñer dalgún medio de contención de derramos.
- Manter lonxe de substancias incompatibles como axentes oxidantes fortes como percloratos, peróxidos e permanganatos (incrementan o risco de incendio e/ou explosión).
- Ter os envases pechados e debidamente etiquetados.
- Non envasar en recipientes plásticos.
- Manter o acceso controlado nas zonas de almacenaxe e sinalizar o risco.

DERRAMOS E FUGAS

- Evacuar a zona de perigo
- Ventilar e illar a área crítica
- Recoller, na medida do posible, o líquido que se derrama en recipientes que se poidan precintar.
- Absorber o líquido residual con area ou absorbente inerte e trasladalo a un lugar seguro.
- Utilizar elementos de protección persoal adecuados.
- Contar con algún medio de protección de incendios.
- Non envorcar o produto na rede de sumidoiros. Evitar a contaminación das augas e solo.
- Solicitar axuda especializada.

XESTIÓN DE RESIDUOS

- Depositar os residuos en colectores específicos para a súa posterior eliminación de acordo coas normas vixentes. Tanto os envases como as embalaxes contaminadas de substancias ou preparados perigosos, teñen o mesmo tratamento que os propios produtos que conteñen.
- Os residuos xerados serán xestionados segundo o que indique a Oficina de Medio Ambiente (OMA).

PRIMEIROS AUXILIOS

- En caso de **incendio**: utilizar po químico seco, espuma química, concentrados AFFF, anhídrido carbónico. A auga non é efectiva polo que só se pode aplicar en forma de néboa para arrefriar o ambiente e os recipientes.
- En caso de **explosión**: manter fríos os bidóns e demais instalacións pulverizando con auga.
- En caso de **inhalación**: trasladar a persoa onde exista aire fresco, repouso. Se respira con dificultade avisar ao médico.
- En contacto coa **pel**: lavar con auga durante varios minutos, sacar a roupa contaminada.
- En contacto cos **ollos**: lavar inmediatamente con auga durante 10 minutos como mínimo mantendo as pálpebras abertas. Se persiste a lesión pedir asistencia médica.
- En caso de **inxestión**: lavar a boca con abundante auga. Non provocar o vómito, manter a persoa abrigada e proporcionar asistencia médica.

INFORMACIÓN

- **Pictogramas:**

Pictograma de Fácilmente inflamable (F) con un símbolo de chama.	Pictograma de Nocivo (Xn) con un símbolo de X negro.	Pictograma de Perigoso para o medio ambiente (N) con un símbolo dunha árbore e un peixe mortos.
Facilmente inflamable	Nocivo	Perigoso para o medio ambiente

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 07-09 Páx. 3 de 3	CICLOHEXANO




- **Frases R:**
 - R11: facilmente inflamable
 - R38: irrita a pel
 - R50: moi tóxico para os organismos acuáticos.
 - R53: pode provocar efectos negativos no medio ambiente acuático.
 - R65: nocivo. Se se inxire pode causar dano pulmonar.
 - R68: a inhalación de vapores pode provocar somnolencia e vertixe.
- **Frases S:**
 - S9: conservar o recipiente nun lugar ventilado.
 - S16: conservar lonxe de chispas e chamas. Non fumar.
 - S33: evitar a acumulación de cargas electrostáticas.
 - S51: utilizar unicamente en lugares ben ventilados.
 - S60: eliminar o produto e o seu recipiente como residuo perigoso.
 - S61: evitar a súa eliminación ao medio ambiente.
 - S62: en caso de inxestión non provocar o vómito, acudir ao médico e mostrarlle a etiqueta ou o envase.
- Consultar sempre a **Ficha de datos de seguridade (FDS)**

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



RECOMENDACIÓN

 Resistentes a salpicaduras e proxeccións químicas	 Nitrilo, Vitón ou PVA	 Resistencia a produtos químicos	 Roupa resistente a produtos químicos. EPI categoría II	 Para vapores orgánicos
--	--	--	--	---

REALIZADO	REVISADO	MODIFICADO
Técnica superior en PRL  Montserrat Alonso Fernández Data: 28/04/2009	Servizo de Prevención de Riscos Laborais  Carmen Álvarez González M. José Montero Vilarino Data: 28/04/2009	Data: 11-06-2013  CARMEN ALVAREZ GONZALEZ

